

HABILITACIÓNS PARA A DOCENCIA NO ENSINO PRIVADO

DURANTE O MES DE **FEBREIRO DE 2012** DEBEN HABILITARSE OS SEGUINTES COLECTIVOS:

- Docentes que teñan concedida expresamente unha **habilitación definitiva na data 13/03/2010** (estivesen traballando ou non nesa data) para educación infantil, educación primaria, ESO, bacharelato ou FP.
- Docentes de ESO, bacharelato e FP que estaban **traballando o 13/03/2010 e non precisaban (por titulación) solicitar habilitación** no seu momento.
- Mestres que estivesen impartindo no **1º ciclo da ESO** na data 13/03/2010 e que continúen no momento da solicitude (agás causas organizativas que llelo impedisen).

Logo NON deben solicitar habilitación os mestres que teñan as seguintes titulacións:

Especialidade	Titulación
Primeiro ciclo de educación infantil	-Téc. superior en Ed. infantil. -Téc. especialista en Ed. infantil ou xardín de infancia.
1º e 2º ciclo de educación infantil	-Grao de educación infantil. -Mestre especialista en educación infantil. -Profesor de EXB coa especialidade de preescolar.
Educación primaria	-Grao de educación primaria. -Mestre, profesor de EXB e mestre de ensino primario.
Música	-Mestre especialista en ed. musical. -Grao de ed. primaria coa mención correspondente.
Educación física	-Mestre especialista en ed. Física. -Grao de ed. primaria coa mención correspondente.
Lingua estranxeira (francés, inglés)	-Mestre ou profesor de EXB coa especialidade correspondente. -Grao de ed. primaria coa mención correspondente.
Pedagogía terapéutica	-Mestre especialista en educación especial ou en pedagogía terapéutica. -Grao de educación primaria coa mención correspondente.
Audición e linguaxe	-Mestre especialista en audición e linguaxe. -Grao de ed. primaria coa mención correspondente.

OUTROS PRAZOS:

Os colectivos que non reúnan os requisitos antes descritos terán os seguintes prazos para habilitarse **a)**do 1 ao 30 de xuño. **b)**do 1 ao 15 de setembro. **c)**do 10 ao 31 de xaneiro. **d)**do 1 ao 31 de marzo

PROCEDEMENTO

Debe xerarse unha instancia na aplicación **www.edu.xunta.es/habilitacions** imprimila e entregala nun rexistro xunto a documentación requirida en cada caso, que é a que alí se describe e que para a convocatoria de FEBREIRO consiste para cada caso en:

- Copia compulsada da habilitación definitiva expresa (se se posúe).
- No caso de non precisar habilitación ata agora, copia cotexada do título e certificación de servizos da dirección do centro visada pola inspección.
- Para os mestres que imparten no 1º ciclo da ESO: Copia compulsada da titulación, da habilitación e certificación de servizos da dirección visada pola inspección.

Para calquera consulta ponte en contacto cos locais da CIG-Ensino.